

RESUMO DE CONTIDOS

Mil latexos de papel

Educación en Valores
Cívicos e Éticos | 6º EP



Índice

Os dereitos humanos.....	2
Declaración dos dereitos humanos e convención dos dereitos do neno.....	2
O respecto á diversidade.....	3
Heroes e heroínas.....	3
Memoria histórica.....	4
A democracia e as ONG.....	4
A democracia.....	4
A cidadanía e o voluntariado.....	5

Os dereitos humanos

Declaración dos dereitos humanos e convención dos dereitos do neno

As consecuencias das guerras evidenciaron ao longo da historia a necesidade extrema de protexer a dignidade humana. Tras a bomba de Hiroshima (1945) e as atrocidades da Segunda Guerra Mundial (1939 – 1945) que deixaron máis de 50 millóns de mortes, houbo un consenso global para fundamentar a paz e a dignidade das persoas. Con este propósito creouse a Organización das Nacións Unidas (ONU), un foro onde os países puideran resolver os seus problemas dende o diálogo e a cooperación sen recorrer ás armas. É aí onde se crean dous dos piares dos dereitos internacionais, consolidados nos seguintes documentos:

- **Declaración Universal dos Dereitos Humanos:** documento que establece as normas no trato dos seres humanos e que os gobernos de todo o mundo se comprometen a respectar.
- **Convención sobre os dereitos do neno:** tratado da Organización das Nacións Unidas (ONU) que recoñece dereitos específicos para os menores de 18 anos pola súa necesidade de protección.

Declaración Universal dos dereitos humanos: é un documento elaborado en 1948, tras a Segunda Guerra Mundial, pola Organización das Nacións Unidas (ONU) co obxectivo de protexer os dereitos básicos e liberdades fundamentais de todas as persoas do mundo. Nela establécense 30 dereitos interdependentes (conectados entre si) e indivisibles (todos teñen a mesma importancia) relacionados coas necesidades básicas das persoas e as normas para convivir en sociedade. Están baseados nos principios de dignidade, respecto mutuo e igualdade e considéranse a base da xustiza, a liberdade e a paz.

Queres coñecer os teus dereitos? Accede á declaración a través da ligazón:

[Declaración Universal dos Dereitos Humanos do 10 de decembro de 1948.](#)

Os dereitos humanos pódense agrupar en categorías:

- Dereitos culturais: dereito a participar na vida cultural da comunidade.
- Dereitos xurídicos: dereito á protección e á igualdade ante a lei, á presunción de inocencia e a un xuízo xusto.
- Dereitos civís: dereito á vida, á liberdade, a non sufrir discriminación, tortura nin escravitude.
- Dereitos económicos: dereito a unha nacionalidade, á seguridade social, a un traballo, á vivenda e a un nivel de vida que asegure a saúde e o benestar.

- Dereitos sociais: dereito a que se respecte a intimidade, o domicilio e a vida familiar, dereito á educación, ao ocio, ao descanso e á saúde.
- Dereitos políticos: dereito ao voto, á liberdade de expresión, de crenza e de asociación.

Convención dos dereitos do neno: A pesar de existir a declaración dos dereitos humanos, como a infancia require dunha protección oficial, o 20 de novembro de 1989 promulgouse a Convención sobre os dereitos do neno. Nela recóllense as normas mínimas que deben cumprirse para garantir a dignidade da infancia. É o tratado de dereitos humanos máis ratificado da historia.

Baséase en catro principios xerais:

- Dereito á vida, á supervivencia e ao desenvolvemento: dereito a vivir e alcanzar o máximo potencial na vida.
- Dereito á non discriminación: independentemente da cor de pel, relixión, procedencia...
- Dereito a ser escoitado/a: que as súas opinións sexan tidas en conta.
- Dereito ao interese superior do neno/a: calquera decisión que poida afectarlle ten que ter en conta que é o mellor para el ou ela.

Podes indagar máis sobre eles nesta páxina: [Convención sobre os dereitos do neno](#).

O respecto á diversidade

Heroes e heroínas

Aínda que os dereitos humanos están recoñecidos en tratados e convencións internacionais, sempre existiron situacións nas que foron vulnerados.

Numerosos personaxes, ao longo da historia, loitaron en prol da diversidade e a defensa dos dereitos humanos, enfrontándose á discriminación de xénero, racial, de orientación sexual etc. Neste REA coñeciches a unha serie de heroes e heroínas a través do activismo pacífico, todos eles vencellados ao mundo da arte:

- **Maruja Mallo:** activista pola igualdade social independentemente da orixe étnico-cultural.
- **Castelao:** defensor da migración forzada pola pobreza.
- **Luz Darriba:** denuncia a violencia de xénero e promove a igualdade.

- **Lexis Hine:** referente na loita contra a explotación infantil.
- **Andy-Wharholl:** icona LGTBIQ+ ao visibilizar realidades trans e drags.

Memoria histórica

A **memoria histórica** axuda a non repetir a vulneración dos dereitos humanos. Accións como recoñecer as violacións de dereitos no pasado, dignificar as vítimas ou fortalecer os valores democráticos, fan que a sociedade sexa máis consciente da necesidade de protección de certos dereitos.

A historia de **Sadako Sasaki e as 1000 grúas de papel** transcendeu os límites de Xapón, converténdose en símbolo internacional do movemento pola paz.

Lei de memoria histórica

Este fenómeno de silencio e ocultación adoita ser bastante común, ás veces por protexer as vítimas e outras polo interese de alguén en particular en evitar que se coñeza a realidade. Por iso, é labor das institucións velar pola protección das persoas garantindo o dereito á xustiza e á verdade.

No caso de España, créase en 2022 a **Lei de memoria democrática** que busca reparar e dignificar as vítimas da ditadura e do franquismo publicamente, condenando a Guerra Civil e promovendo o coñecemento da historia.

A democracia e as ONG

A democracia

Etimoloxicamente *demos* significa pobo e *kratos* significa poder, sería algo así como o poder do pobo. Por tanto, a democracia defínese como unha forma de organización da sociedade e do goberno na que o poder reside no conxunto da cidadanía e é exercido, directa ou indirectamente, polo pobo. Esta forma de goberno busca garantir o equilibrio entre as liberdades individuais e a igualdade social a través do respecto, o diálogo e a xustiza.

En España o sistema de goberno actual é a Monarquía Parlamentaria. Trátase dunha democracia, xa que o pobo elixe os seus representantes no Parlamento e este, á súa vez, confía o poder ao Presidente do Goberno. Por outra banda, trátase dun Estado autonómico no que se reparte o poder entre o goberno central e as Comunidades Autónomas.

As normas supremas que garanten o cumprimento desta democracia son:

- A nivel estatal, os principios constitucionais, recollidos na **Constitución española**.
- A nivel autonómico, os valores democráticos, reflectidos no **Estatuto de autonomía de Galicia**.

Constitución española: o 6 de decembro de 1978 aprobouse a **Constitución española**, un documento elaborado por representantes de diferentes partidos políticos onde se recollen as bases da democracia. Esta é a norma máis importante dun país. Nela establécense os dereitos e deberes fundamentais de todas as persoas que viven no estado español.

- **Dereitos:** normas que recollen o que podemos facer e que os demais teñen que respectar. Serven para que todas as persoas poidamos vivir en igualdade e liberdade. Por exemplo: temos dereito a acudir á escola.
- **Deberes:** responsabilidades e obrigacións que debemos cumprir. Por exemplo: temos o deber de asistir ás clases e respectar o profesorado e os compañeiros.

Estatuto de Autonomía de Galicia: é a norma institucional básica da nosa comunidade autónoma. Está amparada polo Estado e a Constitución Española e nela recóllese a organización política e xurídica da comunidade. En Galicia entrou en vigor en 1981 recollendo aspectos relacionados con:

- A denominación e definición da comunidade autónoma.
- Os símbolos propios (bandeira, escudo e himno).
- A delimitación territorial.
- A organización das institucións autonómicas.
- As competencias asumidas acorde á Constitución.
- O recoñecemento do galego como a lingua propia de Galicia, sendo oficial xunto co castelán.

A cidadanía e o voluntariado

O Estado e as súas institucións xogan un papel moi importante de cara á consecución da paz, a seguridade e a cooperación internacional establecendo as políticas públicas e os orzamentos. Pero tamén existen outros organismos, sen fins lucrativos, que traballan en prol destes obxectivos.

Organismos e institucións internacionais

Os organismos e institucións internacionais (ONU, UE...) establecen marcos normativos comúns para a defensa dos dereitos humanos, a coordinación de axuda humanitaria e o progreso social e económico equitativo e sostible. Propoñen medidas conxuntas relacionadas con diferentes ámbitos: saúde pública, educación, medio ambiente, exclusión social, desemprego etc.

ONG (Organización non governamental)

As **ONG** son organizacións non gobernamentais con fins sociais relacionados coas inxedanzas da sociedade. Levan a cabo proxectos de acción directa sobre o terreo con colectivos vulnerábeis. Atópanse en diferentes partes do mundo e dedícanse a diversas actividades relacionadas con dereitos humanos, saúde, medio ambiente e desenvolvemento.

Entre as ONG máis coñecidas están: Cruz Vermella, Mans Unidas, Médicos Sen Fronteiras, Amnistía Internacional, *Greenpeace*, Intermon, Cáritas e *Save the Children* entre outras.

A cidadanía e o voluntariado

A participación e implicación de toda a **cidadanía** na iniciativa social tamén é moi importante para garantir o sistema democrático a través de movementos sociais ou de creación de asociacións. O **voluntariado** é unha forma de colaboración da cidadanía na resolución de problemas sociais que ten un carácter altruísta e solidario.



“Resumo de contidos: Mil latexos de papel”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)